

PLAN DE ACTIVIDADES 2025



**Colexio Oficial de Traballo Social de
Galicia**



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

ÍNDICE

01

PRESENTACIÓN

- Xunta de Goberno
- Código de Bo Goberno
- Misión e valores

02

EIXES DE ACCIÓN

- Defensa da profesión
- Boa praxe profesional e Comisión Deontolóxica
- Representación Institucional e incidencia política
- Transeferencia do coñecemento: cursos e revista Fervenzas

03

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

- Servizos sociais comunitarios básicos
- Traballo social en educación
- Familia infancia
- Traballo social sanitario
- Inclusión social
- Traballo social na administración de xustiza
- Traballo social en grandes emerxencias e catástrofes
- Supervisión
- Ética e deontoloxía Profesional
- Traballo Social e feminismos

04

COMUNICACIÓN

- Participación
- Grupos de Traballo
- Blog

05

PROXECTOS

1

PRESENTACIÓN

Tendo esta Xunta de Goberno superado na derradeira fase do seu mandato, presentamos neste documento o **Plan de Actividades para o ano 2025**. Unha proposta de actividades que busca concretar resultados e fundamentar as liñas de traballo estratéxicas coas que nos comprometemos e que compoñen o motor da nosa acción ao fronte do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

O ano 2023 cumpríronse corenta anos de vida deste Colexio, e de toda a estrutura colexial do Estado. Estes 40 anos permítennos mirar con certa madurez a nosa traxectoria e os logros que para a profesión e os profesionais logramos como institución ao longo deles. Neste momento, con máis de 3.400 persoas colexiadas, atopámonos nun momento de fortaleza e vigor, que nos permite abordar o presente con seguridade, tanto na relación coas administracións como co resto de profesións do eido social. Queremos utilizar a forza que nos da a nosa colexiación para conseguir metas coa presenza do Traballo Social en todos os espazos de acción social, e co xeito no que estamos presentes.

O que nos ensinou a experiencia histórica é que nada permanece inmutable e a evolución nesta profesión ligada á sociedade é a única cuestión segura. O cambio no obxecto do Traballo Social é periódico e necesario para adaptarse as necesidades das persoas e estruturas.

Toda a estrutura colexial está implicada no enunciado e implementación dun **novo modelo de servizos sociais** que nos permita seguir facéndoos medrar e mellorándoos dende a o Traballo Social. O COTSG utilizará a súa enerxía en potenciar este traballo.

Neste ano 2025 continuaremos co proceso de modernización e dixitalización dos servizos que ofrece o Colexio, adaptandonos e buscando a maior eficiencia e eficacia.

Deixámosvos co contido da Plan de Actividades do ano 2025, agradecendo a vosa presenza que é a que nos da forza.

Xunta de Goberno



MIRIAM RODRÍGUEZ



ANA VILAR



ROSARIO CAPELO



ANTONIO DOVAL



CRISTINA DÍAZ



ELENA GÓMEZ



ISABEL FERNÁNDEZ



BELEN VÁZQUEZ



MARÍA BORRAJO

A Xunta de Goberno para este 2025 estará conformada por:

- Miriam Rodriguez Sierra- Presidenta
- Ana Vilar Varela- Vicepresidenta
- Rosario Capelo Casas- Secretaria
- Antonio Doval Canabal- Tesoureiro
- Cristina Díaz Mira- Vogal
- Elena Gomez Fernandez -Vogal
- Isabel Fernández Lema- Vogal
- Belen Vazquez Iglesias- Vogal
- María Borrajo Gonzalez- Vogal

A Xunta de Goberno elabora no 2023 o seu propio “Código do Bo Goberno”.

O Código de Bo Goberno ten por obxecto establecer os principios orientadores, procesos e as normas de conduta que deben respectar os membros das Xunta de Goberno dos Colexios profesionais, profesionais empregadas/os na organización e, en xeral, persoas ou institucións que manteñan colaboración estreita coa institución, na consecución da misión e o cumprimento dos valores coa máxima transparencia e eficacia.

Este Colexio profesional **COMPROMÉTESE** ao Código do Bo Goberno nos seus principios éticos de actuación no cargo que poidan ostentar:

Esta Comisión estará formada por:

- Patricia Fernández
- Ana Guillén
- Concepción Vilas



Código de Bo Goberno



Cumprimento deontolóxico

Defender os valores, principios e deberes recollidos no Código deontolóxico do Traballo social e na Declaración de principios da FITS.



Integridade

O que implica non abusar da posición dos órganos de goberno do Consello Xeral, Presidencia, Xunta de Goberno e membros da Asemblea para beneficio ou ganancia persoal. Non aceptación de ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada; abstención en asuntos nos que a existencia dun interese persoal poida supoñer un conflito de intereses cos seus cargos; uso dos recursos e bens do Colexio de Traballo Social con austeridade.



Respecto e calidez

O que supón recoñecer e considerar a cada persoa como ser único, con intereses e necesidades, e o compromiso dun trato amable e afable na atención e servizo derivados do cargo.



Respecto aos dereitos fundamentais e liberdades públicas

Evitando toda actuación que poida producir discriminación algúnhha ou que atenche, dalgunha forma, contra os dereitos e liberdades fundamentais recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.



Responsabilidade

No cumprimento das tarefas que nos correspondan ou sexan encomendadas. Asumiremos as consecuencias que se desprendan do cumprimento das tarefas encomendadas, sexan estas positivas ou negativas.



Transparencia

Serviremos ao interese da profesión obrando dunha maneira aberta e promovendo a responsabilidade individual e o exemplo persoal.

Misión e Valores

A **misión** do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é representar colectivamente ao Traballo Social e promover as condicións a todos os niveis que permitan un desempeño profesional coherente coas normas éticas, deontolóxicas e científicas e da praxe profesional adecuada, reafirmando a imaxe publica dos e das traballadoras sociais. No ano 2025 continuaremos encomendando todo o que fagamos a conseguido.

- | | | | |
|-----------|--|-----------|---|
| 01 | A vinculación da colexiación coa estrutura colexial, como xeito de acción colectiva | 02 | O Traballo Social é unha profesión das persoas e da sociedade |
| 03 | A ética e o compromiso cos valores democráticos guía toda a acción | 04 | O exercicio da nosa profesión implica unha visión crítica e construtiva da realidade. |
| 05 | A defensa da igualdade e reivindicación da diferencia | 06 | A mirada feminista impregna todo o que significa Traballo Social |
| 07 | A sostibilidade non é optativa, é vital | 08 | A participación é a vía para un intervención social asertiva |
| 09 | O Traballo Social é indisoluble da intervención social en calquera dos sistemas de benestar nos que se produza. | 10 | Compromiso coa defensa de tódalas accións que impliquen vivir, traballar e exercer a profesión desde unha perspectiva ecolóxica e de defensa do equilibrio medioambiental. |

2

EIXES DE ACCIÓN

DEFENSA DA PROFESIÓN

O COTSG defende en todas as áreas o Traballo Social, co obxectivo do benestar colectivo da profesión e da ordenación das súas responsabilidades ademais de combater o intrusismo profesional, e garantir a profesionalidade nas accións das persoas colexiadas.

Este espazo nace como unha ferramenta de participación, de inserción e reivindicación da nosa profesión ante o conxunto da sociedade.

Continuaremos a apostar pola mellora da praxe profesional, a loita contra o intrusismo profesional, velar pola legalidade de bases e procesos selectivos, cobertura de prazas, incumprimento de ratios...etc.

O principal encargado de velar pola defensa da profesión é o COTSG, incidindo nos aspectos que se considereninxustos e reclamar aqueles campos onde sexa imprescindible a figura da nosa profesión.

As accións a desenvolver:

- Visibilización da figura do/da profesional de Traballo Social como eixe fundamental do sistema de Servizos Sociais.
- Busca de novas áreas de emprego para a nosa profesión, e revalorizar as que estean menos explotadas.
- Reclamar a cobertura de postos de Traballo Social no sector público e recuperar aquellas nas que a nosa figura quedou relegada.



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

BOA PRAXE E COMISIÓN DEONTOLOGÍCA

A **colexiación é obligatoria** e única para aqueles/as profesionais que traballen para unha Administración Pública ou desempeñen a súa actividade profesional de forma privada. Colexiarse é un exercicio de responsabilidade de cada profesional. Unha garantía de compromiso deontológico e de boa praxe profesional. Do mesmo xeito, a colexiación é un derecho: o derecho á representación dos nosos intereses, á promoción do papel dos/as traballadores/as sociais na nosa sociedade e á ordenación do exercicio profesional.

En definitiva, o COTSG debe apostar por esta responsabilidade, traballando para defender a profesión e para que as persoas que se adican ao Traballo Social se sintan representadas. Por este motivo, a entidade levará a cabo unha análise da evolución da colexiación, estratexias de actuación e visibilidade profesional.

01

Campañas de divulgación específica, partindo da necesidade da unión e construcción de discursos comuns da nosa profesión. Dirixidas a profesionais, administracións, terceiro sector e universidades. A colexiación permítenos ordenar o exercicio da profesión garantindo que se rexía por unhas normas deontológicas, que salvagardan os dereitos das e dos cidadáns.

02

Traballar coas persoas colexiadas de oficio ante o exercicio irregular. Dende o Consello Xeral de Traballo Social fainos saber que a través da Constitución Española no seu artigo 36 recoñece que as profesións con colexios profesionais, as persoas que exercen esta profesión deben estar colexiadas para exercela.

03

A colexiación é un derecho para a representación dos intereses, promoción e ordenación do exercicio profesional.

3 EIXES DE ACCIÓN

REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E INCIDENCIA POLÍTICA

Un dos principais fins do Colexio, facer a representación exclusiva da profesión no ámbito territorial, e velar pola defensa dos intereses profesionais da colexiación.

Dende o COTSG promovemos o traballo en rede, posturandonos sempre dende un enfoque colaborativo, coas organizacións, universidades ou as administracións públicas.

Obxectivos nesta área:

1. Reivindicación profesional coas Administracións e grupos políticos
2. Presencia en órganos de representación ou seguimento institucional.
3. Colaborar en distintos órganos consultivos, consellos ou outros instrumentos de cooperación entre Administracións.
4. Xerar unha rede coordinada de participación con entidades do terceiro sector, tecido asociativo, plataformas sociais e cidadás en defensa do estado de benestar.
5. Establecer acordos, convenios de colaboración con entidades e Administracións.



TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO

Unha das fins e funcións do COTSG é acadar a mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas, promovendo a formación e perfeccionamento dos mesmos así como cooperar na mellora dos estudos conducentes a obtención de titulacións habilitantes para o exercicio da profesión. Deste xeito, pretendemos promover e facilitar una oferta formativa de calidade para a colexiación, asemade potenciaremos as relacións entre a estrutura profesional e as Universidades que oferten a titulación de Traballo Social e o seu alumnado, establecendo espazos de coordinación e cooperación. Do mesmo xeito, esta Xunta de Goberno acordou reducir as cotas das matrículas dos cursos ao 50% assumindo a entidade a parte proporcional. Deste xeito, será unha formación máis accesible para todas as persoas que forman parte da estrutura colexial.

Os obxectivos xerais desta materia son:

- Promover e facilitar una oferta formativa de calidade para a colexiación.
- Elaborar unha oferta formativa que combine os intereses da colexiación e as áreas de carácter innovador e/ou estratéxico establecidas desde o Colexio, o máis vantaxosa posible para a colexiación desde o punto de vista económico.
- Establecer e/ou renovar convenios de colaboración con entidades cara a conseguir a financiación de accións formativas e/ou proxectos de interese para o Colexio.
- Promover o recoñecemento polas Administracións Públicas da formación impartida desde o Colexio. Contacto Explorar vías de colaboración con Universidades ou outras Administracións Públicas cara a conseguir que a formación impartida teña recoñecemento oficial.
- Potenciar a difusión da formación mediante a identificación de novas canles, ferramentas, entidades, etc para chegar a un número maior de potenciais persoas destinatarias.
- Manter a rebaixa do 50% no prezo das accións formativas desenvolvidas desde o Colexio, adoitada pola Xunta de Goberno no ano 2022.
- Continuar traballando en iniciativas de autocoidado dirixidas ás/-aos Traballadoras/es sociais, coma unha das liñas estratéxicas do COTSG, facilitando espazos formativos que contribúan a mellorar o desempeño laboral e o estado emocional das e dos profesionais.

PROGRAMACIÓN CURSOS 2025

NOME DO CURSO	TIPOLOXÍA	FORMATO	Nº HORAS	DOCENTES	PROGRAMACIÓN
Eutanasia e coidados ao final da vida. O papel do Traballo Social Sanitario.	Estratéxica	Online	60 horas	Julio Piedra e Juan Jesús Rosa	Do 2 de febreiro ao 17 de marzo
A orientación laboral con persoas en situación de vulnerabilidade e social.	Teleformación	Online	50 horas	Asociación APES	Do 3 de marzo ao 7 de maio
A dinamización comunitaria na intervención social.	Teleformación	Online	50 horas	Alba Moretón	Do 3 de marzo ao 30 de abril
Aplicación de boas prácticas para a xestión de centros de día desde un modelo de atención centrado na persoa	Teleformación	Online	100 horas	Susana Seoane Veiras	Do 5 de marzo ao 3 de xuño
Saúde Mental: Do individuo á comunidade	Teleformación	Online	50 horas	Andrea Lago	Do 10 de marzo ao 30 de maio
Apuntes prácticos para a elaboración de informes sociais (3º edición)	Básica / En colaboración con DX. Inclusión	Online	20 horas	Eva González e Ana Caamaño	Do 11 ao 28 de marzo
Traballo Social no Sistema de Protección á infancia	Estratéxica	Mixta - Online e Presencial	60 horas	Emma Seoane e Marta Pintos	Do 28 de abril ao 11 de xuño
Presentacións con impacto no ámbito do traballo social	Estratéxica	Online	12 horas	Victori Nieto	Do 8 ao 29 de maio

PROGRAMACIÓN CURSOS 2025

NOME DO CURSO	TIPOLOXÍA	FORMATO	Nº HORAS	DOCENTES	PROGRAMACIÓN
Idadismo e feminismo no ámbito sanitario e social	Webinar	Online	2 horas	Emma María Seoane Uzal e Nuria Esther Varela Feal	7 de abril
Principais novedades do novo regulamento de estranxería	Webinar	Online	1 hora 30 minutos	Julia Álvarez - Asesora xurídica COTSG	2 de abril
Introducción á consciencia corporal	Webinar	Online	2 horas	Mª Carmen Sieiro Vázquez	3 de abril
Formación SERGAS	Estratégica	Presencial	7 horas	Antonio Doval Milagros	26 de maio
Formación emerxencias	Estratégica	Online	30 horas	Consello Xeral de Traollo Social	Abril-Maio
Traballo Social Forense	Estratégica / En colaboración DX Inclusión	Online	250 horas	Josefa Moreno	Setembro-Decembro
Intervención Social en centros de atención a persoas maiores	Teleformación	Online	100 horas	Victoria Abadía	Setembro-novembro
Instrumentos para o diagnóstico social	Básica	Online	30 horas	Nuria Fustier	Outubro
A Lei 8/2021 e o seu impacto na discapacidade. Unha análise dende o Traballo Social	Básica	Online	20 horas	Federación Galega de Dano Cerebral	En programación
Asociación de Sarcomas - Asarga	Webinar	Online	1 hora	Rosabel	Outubro

PROGRAMACIÓN CURSOS 2025

NOME DO CURSO	TIPOLOXÍA	FORMATO	Nº HORAS	DOCENTES	PROGRAMACIÓN
Intelixencia artificial para o traballo social	Webinar	Online	2 horas	Consello Xeral	En programación
Xestión e coordinación do SAF (2ª Edición)	Básica	Online	40 horas	Chelo Vázquez	En programación
Traballo Social Clínico: Especialización en trauma complexo dende TS	Estratéxica	Online	21 horas	Instituto Chileno de TS Clínico Paula Grandón Diego Reyes	En programación
Introducción á mediación	Estratéxica	Online	20 horas	Ricío Villar	En programación
Chaves para relaizar un suposto práctico en oposiciones en T.S	Estratéxica	Online	15 horas		En programación
Lingua de signos Española (LSE) nivel A1	Estratéxica	Online	60 horas	Inma García Varela	En programación
Diversidade e de xénero da comunidade LGTBIQ+	Estratéxica	Online	12 horas	Rede Educa LGBTIQ	En programación
Teatro Vida: Un espazo para coidar	Estratéxica	Presencial	30 horas	Nekane	Novembro 2024- Maio 2025
Como co-crear ou formar parte de grupos sanos?	Estratéxica	Mixto Online e presencial	12 horas	Marta Pernas	Outubro-novembro

REVISTA FERVENZAS



A Revista Galega de Traballo Social, Fervenzas, editase desde o ano 1997 coa misión principal de seguir dándolle voz a todas e todos os profesionais do Traballo Social. É unha revista cuxo valor engadido, é sen dúbida a multitud de temas tratados, ademáis, desde diferentes niveis de análise, artigos desde a praxe profesional, investigacións, entrevistas, recensións bibliográficas e artigos sobre diferentes entidades da nosa contorna galega. Fervenzas é unha revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia, con outro obxectivo primordial, conservar a nosa cultura a través da edición en galego.

Ademáis dos premios polo día mundial do Traballo Social.

FAMILIA E INFANCIA

Nesta área de intervención o compromiso adquirido coa protección á infancia e xuventude ven sendo máximo e prioritario durante estes anos. É precisa unha análise do Sistema actual e do seu funcionamento, co obxectivo de visibilizar e dar a coñecer o seu estado, poñendo en valor a figura do traballo social e reclamando as diferentes eivas detectadas en canto a ratios, funcións dos equipos, especialización, coordinación e planificación, supervisión, etc. Para isto, créase a **Comisión de Infancia e familia**, que está a traballar en documentos que velen polo sistema de protección en calquera das súas formulas de xestión, así coma a adaptación da normativa vixente ,na procura da mellora da calidade de atención social de nenos e familias. Do mesmo xeito, tras a análise do Sistema, desde a Comisión de Infancia e familia estudan a elaboración dunha nova Proposta de Traballo cun novo Modelo de protección a Infancia, que entronca directamente co novo Modelo de Servizos Sociais proposto polo Consello Estatal de Traballo social e por este colexio profesional. Finalmente, dentro do obxecto desta Comisión está a de investigar e elaborar propostas novedosas que signifiquen unha evolución positiva na atención á infancia e ás familias, así como poñer especial interese na creación de espazos onde se intercambien coñecementos con outras comunidades autónomas. Neste senso, é de especial interese o análise doutros modelos de intervención, protección e supervisión neste eido noutros países. Ademais, poñerase o foco no deseño de accións encamiñadas a crear espazos de encontros e de transferencia de coñecementos con outras comunidades para expoñer outros modelos de protección.



TRABALLO SOCIAL SANITARIO

É prioritario velar pola defensa do Traballo social como profesión sanitaria, comprometida co seguinte:

- Loitar na cobertura de vacantes e paralización de amortización de prazas de Traballo Social no eido da saúde.
- Conseguir máis presenza e contribución das e dos profesionais do Traballo social, tanto na atención primaria coma na especializada
- Apostar por Direccións ou Subdireccións de Procesos Sociais Sanitarios que potencien o Traballo Social como recurso especializado no eido da saúde, como xa se está a plantear noutras Comunidades Autónomas Coordinación eficaz e imprescindible co Sistema de Servizos Sociais comunitarios.
- Conseguir dotación orzamentaria e de contido para o Plan Sociosanitario, esixindo a necesidade dunha planificación e dotación axeitada de recursos de Traballo social no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de cumplir cos obxectivos de suficiencia de recursos, transparencia e coordinación de forma plena.
- Dependencia Orgánica e funcional do Traballo social sanitario de Servizos centrais. Apostar por unha intervención integral de carácter bio-psico-social.
- Defender o traballo social nos diferentes ámbitos sociosanitarios especializados e a súa coordinación: saúde mental e adiccións, atención temperá, enfermidades crónicas, enfermidades raras, etc

TRABALLO SOCIAL SANITARIO

10 RAZÓN NA SÚA DEFENSA



1 HISTORIA E IMPORTANCIA

O Traballo Social leva décadas sendo parte fundamental do sistema sanitario, traballando para mellorar o benestar das persoas.

2 PROFESIÓN RECONOCIDA

O Traballo Social é unha profesión regulada, recoñecida polas leis estatais e europeas como parte esencial nos servizos de saúde.

3 BENESTAR INTEGRAL

A saúde non é só física, tamén é mental e social. O Traballo Social Sanitario actúa para reducir as desigualdades sociais e mellorar a calidade de vida.

4 PARTE DOS EQUIPOS DE SAÚDE

Está presente en equipos interdisciplinares, traballando en árees como a Atención Primaria e a Saúde Mental, tal como indica a lexislación.

5 DEREITO DOS/AS PACIENTES

O traballo social sanitario garante os dereitos fundamentais como o dereito básico de relacións clínicos asistenciais dos e das usuarias do servizo de saúde, tanto públicos coma privados.

TRABALLO SOCIAL SANITARIO XAI!




TRABALLO SOCIAL SANITARIO

10 RAZÓN NA SÚA DEFENSA



6 FORMACIÓN E CAPACIDADES

As persoas profesionais do Traballo Social teñen formación específica que lles permite desenvolver as súas funcións no ámbito da saúde.

7 FORMACIÓN DE EQUIPOS

As/os traballadoras/es/sociais tamén teñen o rol de formar os equipos de Atención Primaria en cuestións psicosociais.

8 ATENCIÓN INTEGRAL

O Traballo Social forma parte da atención primaria e ten un papel esencial na promoción da saúde, a educación e a prevención.

9 IGUALDAD NA ATENCIÓN SANITARIA

Non recoller o Traballo Social Sanitario crea desigualdade e limita unha atención sanitaria completa.

10 PRIORIZAR A ATENCIÓN SOCIAL

A crise sanitaria subliña a importancia de fortalecer a atención social, facendo esencial a integración do Traballo Social Sanitario nos equipos de saúde.

TRABALLO SOCIAL SANITARIO XAI!




INCLUSIÓN SOCIAL

Desde este ámbito reivindicamos que é imprescindible consolidar, mellorar e reforzar o Sistema de Benestar desde os diferentes Sistemas de Protección (Educación, Sanidade, Servizos sociais, Emprego, Vivenda, Xustiza, etc.), quedando as prestacións como algo complementario e situadas no espazo e sistema que corresponda.

Asemade, entendemos que debería de consolidarse un Sistema de Garantía de Rendas que goce da condición de dereito subxectivo ao obxecto de reducir os indicadores de pobreza estrutural, desigualdade e mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Neste contexto actual de crise e de cambio continuo é de interese trazar liñas de colaboración activas coa Consellería co fin de poder aportar dende a nosa profesión e experiencia no sector, como axentes sociais expertas na materia, as nosas preocupacións e impresións sobre as necesidades e recursos necesarios no eido da inclusión social. Para este fin estase a traballar para a modificación da lei de inclusión e adaptala ao contexto actual, ademáis de:

- Poñer en valor a figura do Traballo social dos Equipos de Inclusión.
- Visualizar a problemática actual dentro do Consorcio.
- Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión social para trasladar as eivas detectadas e propostas de actuación.



**O Traballo Social
no eido da
inclusión social**

Grupo de Traballo Social e Inclusión




TRABALLO SOCIAL EDUCATIVO

O Traballo Social Educativo é imprescindible para detectar e paliar de xeito áxil, eficaz e operativo as consecuencias socio económicas sobrevidas ás familias e as súas crianzas desde a primeira porta de entrada, os Centros escolares, respondendo ás necesidades do alumnado que se atope en vulnerabilidade por calquera circunstancia á vez que abordar os aspectos relacionados coa convivencia. Todo iso desde un enfoque tanto individual como familiar e grupal, desenvolvendo desde accións de prevención, detección, avaliación, intervención e seguimento ata o establecemento da coordinación precisa cos distintos profesionais e recursos comunitarios.

Os obxectivos a levar a cabo dende o COTSG e dende o grupo de traballo en educación, son:

- Visibilizar a figura do Traballo social educativo a través do Grupo de Traballo en Educación e mediante campañas nas RR.SS.
- Incluír a figura do Traballo social nos equipos interdisciplinares dos Centros Educativos para intervir sobre todos os axentes da comunidade educativa.
- Garantir esta figura profesional nos centros de acción educativa singular, centros de Educación especial e aqueles que polas súas características e especial dificultade o requirán.
- Trazar liñas de colaboración coa Consellería de Educación para que o Traballo Social sexa figura referente en formación aos equipos directivos e ao profesorado en materia de risco e desamparo de nenos, nenas e adolescentes.
- Loitar polas prazas dos Equipos de Orientación Específicos e polo perfil de COORDINADORAS/ES DE BENESTAR e protección, xunto co de Delegada/o de protección en Infancia e/ou adolescencia en contextos deportivos e de ocio.
- Dotar de formación específica ás persoas colexiadas neste eido no 2023



XUSTIZA

Tal e como se expuso no apartado de Defensa da Profesión, dende os últimos anos atopámonos ante unha corrente normativa que está a ampliar as redes de colaboración e cooperación entre a Administración de Xustiza e os Servizos Sociais fundamentalmente dirixida a protexer ás familias e ás persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade económica e/ou social. Con todo, e compartindo plenamente este obxectivo, preocupa especialmente a este Colexio profesional que todas estas medidas non veñan acompañadas dos necesarios medios materiais e personais necesarios que eviten o colapso do sistema de Servizos Sociais existente.

Neste senso, no ámbito de Xustiza e desta Lei seguiremos reivindicando a:

- Coordinación efectiva con todas as entidades públicas, establecendo unha rede cohesionada e forte.
- Reforzo con Traballadoras/es sociais da Administración de Xustiza e reforzo dos equipos do IMELGA.
- Definir o papel do Traballo social na Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio para as persoas con discapacidade, a formación adecuada para a súa aplicación e tamén dar respuestas ás diferentes actuacións que se vaian dando desde as Administracións Públicas.
- Creación de Oficinas de Atención Social dentro dos propios Xulgados para fazer fronte ás necesidades actuais.
- Contacto coas Traballadoras Socias das Oficinas de Atención a Vítimas de Violencia de Xénero.



EMERXENCIAS E GRANDES CATASTROFES

Neste 2025 crease en Galicia un Grupo de Emerxencias Sociais formado por Traballadoras/es Sociais voluntarias/os, integrado no **Grupo Estatal de Intervención en Emerxencias Sociais (GEIES)** do Consello Xeral de Traballo Social, coa finalidade de ofrecer un servizo á sociedade naquelas situacións que, pola súa gravidade e/ou dimensión, desborden aos servizos públicos ante grandes emergencias e/ou catástrofes.

Tras a sinatura do Convenio coa Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia, por primeira vez a nosa comunidade autónoma contará cun grupo especializado na intervención de Traballo Social.

Os primeiros pasos na creación do grupo de traballadoras/es sociais en emergencias centranse en formar ás/os voluntarias/os e amosar a imprescindible labor que podemos desenvolver e o valor que podemos aportar desde a nosa profesión:

- Poñer en valor o noso compromiso coa sociedade e as necesidades sociais que xorden ante as emergencias, tanto cara a cidadanía coma nas diferentes entidades, institucións e Administracións Públicas.
- Fomentar a continua aprendizaxe e capacitación profesional para seguir mellorando na nosa intervención ante as difíceis e complexas situacións que xeran as grandes emergencias: formación en intervención psicosocial; elaboración de recursos teóricos, metodolóxicos e técnicos para afrontar con rigor técnico e equilibrio emocional as situacións de crise.
- Participar en simulacros que permitan afondar na especialización técnica ante situacións de emergencia e/ou catástrofe



SUPERVISIÓN

A **supervisión** é a análise e acompañamento da práctica profesional. É un traballo sobre o traballo, "un metatraballo" que se sitúa na interface entre a aprendizaxe, a formación, a educación e o apoio nunha organización.

A **supervisión** levada a cabo por unha persoa supervisora externa á institución é un proceso e unha relación. O seu obxectivo é revisar o traballo profesional e os sentimentos, ao tempo que axuda a contrastar os marcosteóricos e conceptuais coa praxe cotiá.

O núcleo da supervisión son as persoas supervisadas, as profesionais e o foco ponse sobre a intervención, os sentimentos, os valores, o modelo de interpretación que manifestan na súa actitude e a orientación coas persoas atendidas, cos colegas e tamén cun mesmo/a.

Neste senso, no 2025 un dos obxectivos será a de implantar na nosa comunidade un Mestrado de supervisión como figura de acompañamiento para os equipos interdisciplinares de Servizos Sociais. Para iso o COTSG contratou a elaboración dun proxecto técnico a Carmina Puig, unha das pioneiras da Supervisión no Estado, para presentar nas Universidades Galegas.



ETICA E DEONTOLOXÍA

Compromiso ético coa profesión e a defensa dos valores e principios, a prol do bo cumprimento do noso código deontológico, impulsando e potenciando a formalización da Comisión Deontológica e de Ética Profesional. A ética debe deixar de ser un concepto abstracto para converterse na ferramenta profesional na toma de decisións. Establecer un diagnóstico social previo a unha intervención social, é unha das bases que estruturan e dan forma ao Traballo Social, estando este diagnóstico composto por valores éticos, coñecemento técnico e soporte lexislativo.

A **Comisión Deontológica** foi creada por este Colexio e formalizase como un órgano consultivo e colexiado da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Traballo Social de Galicia, que asesora en materia de ética e deontología profesional, así como en relación ás necesidades, demandas e cuestións que se susciten ou se lle soliciten e teñan que ver coas funcións da organización colexial e o exercicio da profesión.

Esta Comisión apostá pola ética en distintos eixes estratéxicos de outras áreas transversais:

- O Coidado profesional como rasgo fundamental da nosa deontología profesional cun enfoque en tres vertentes: Autocoidado (cara unha mesma), heterocoidado (de unha cara outras persoas) e ecocoidado (orientado cara á contorna).
- Poñer en valor o Comité de ética, promovido por este Colexio profesional e incorporado na Lei 13/2008 a través da Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia, como órgano estrutural e transversal en cuestións de ética e deontología profesional.
- Xerar rede coas Comisións deontológicas da estrutura colexial, e coa Comisión Deontológica do Consello Xeral.
- A ética vai da mán do Novo Modelo de Servizos sociais, un modelo de intervención que interacciona, acompaña ás persoas e comunidades, no respecto aos proxectos vitais e á súa autodeterminación desde a nosa esencia profesional.



FEMINISMOS

Esta Xunta de Goberno está comprometida con poñer en valor a perspectiva de xénero na análise e tratamento das necesidades sociais, nas súas demandas e propostas para facer da convivencia persoal e social un espazo de igualdade, liberdade e solidariedade.

Pretende tamén crear un espazo de loita e debate, onde se potencie o activismo social feminista para sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade.

O Traballo Social pode e debe achegar todo o seu potencial en favor de construír unha sociedade igualitaria e xusta, precisamente, a esencia de todo feminismo. Intervir implica transformar, e de aí a necesidade de incorporar o enfoque de xénero no marco da intervención social, para analizar e comprender o sistema sexo-xénero.

O Código Deontolóxico de Traballo Social establece como un dos seus principios xerais a xustiza social coa sociedade en xeral, e coas persoas coas que se traballa ou acompaña. Desde este prisma, desde o Colexio profesional e desde esta Xunta de Goberno consideramos esencial unha intervención social comprometida e transformadora coa visibilización das políticas feministas e de igualdade.



4

COMUNICACIÓN

Na área de Comunicación preténdese continuar apostando pola visibilidade da profesión e do COTSG nas redes sociais, dirixíndonos ás e aos profesionais de traballo social, a outras profesionais vinculadas aos servizos sociais e á poboación galega en xeral. Para optimizar o fluxo da información e organizar unha comunicación eficiente do COTSG realizaranse, entre outras, as seguintes actividades:

- Divulgar os avances realizados na defensa dos sistemas públicos de protección dos servizos sociais de Galicia e os resultados obtidos na defensa do traballo social nos diversos ámbitos de actuación.
- Dar a coñecer as novas más relevantes na normativa de referencia para a nosa profesión e da formación que ofrece o Colexio.
- Potenciar a participación das colexiadas na defensa dos intereses da profesión.
- Informar e comunicar os resultados das reunións cos diferentes organismos e entidades públicas e privadas.
- Seguimento das novas relacionadas coa profesión nos diferentes medios de comunicación, velando por unhas referencias veraces ao sector de servizos sociais, a profesión e aos colectivos sociais.
- Xerar unha rede coordinada de participación con entidades de terceiro sector, tecido asociativo, plataformas sociais, e cidadás en defensa do estado de benestar.
- Creación dunha nova imaxe e moderna nas redes sociais.



PARTICIPACIÓN

Unha das propostas fundamentais de acción da Xunta de Goberno é a **participación da colexiación na vida colexial**. A mellor mostra disto é a actividade dos **grupos de traballo e comisións**, que teñen unha actividade constante e permanente.

Os grupos de traballo teñen unha reunión mensual/bimensual e as comisións unha trimestral. Ambas formas de organización teñen a oportunidade de asistir ás reunións de forma mixta, presencial e online.

Nas xuntanzas mantidas abórdanse diferentes temáticas e proxectos, como elaboracións de guías de recursos, promoción e defensa do ámbito de traballo, difusión para redes en días internacionais ou mundiais específicos ou elaboración de documentos de interese, seguindo as situacións emerxentes resultantes do traballo e das eivas do día a día.

Para este 2025, o COTSG pon o foco en:

- Traballar por obxectivos
- Xuntanzas presenciais e onlines mensuais e trimestrais
- Xerar interrelación entre todos os grupos e comisións de traballo
- Formación específica para os grupos de traballo
- Vantaxes exclusivas para as persoas integrantes dos grupos



Grupos previstos para 2025

01

GRUPO DO NOVO MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS

Difundir o Novo Modelo de Servizos Sociais



02

GRUPO TRABALLO SOCIAL EDUCATIVO

- Reivindicar a figura do traballo social educativo
- Difusión en redes sobre o traballo social en educación
- Participar na organización da I xornada de traballo social educativo

03

GRUPO SAF

- Mostrar as eivas e problemáticas do servizo
- Traballar sobre un modelo de ordenanza



04

GRUPO INCLUSIÓN

- Reivindicar e analizar a situación actual no ámbito da inclusión



05

GRUPO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

- Reivindicar a situación dos Servizos Sociais no ámbito galego
- Traballar nun modelo de ordenanza de emergencia social
- Continuar coa campaña #maisservizosmenosbonos para denunciar a situación polo bono coidado.
- Campaña en redes #sontraballadorasocial #eutamen para visibilizar a situación da profesión.



06

GRUPO DE TRABALLO SOCIAL E FEMINISMOS


- Traballar o debate sobre as implicacións profesionais dos postulados feministas.

Grupos previstos para 2025

07

GRUPO DE TRABALLO SOCIAL E SAÚDE MENTAL

- Visibilizar a situación dos CRPL
- Elaboración dunha guía e mapeo de recursos



08

GRUPO TRABALLO SOCIAL SANITARIO

- Realizar un mapeo de recursos
- Traballar sobre un modelo de triaxe social
- Difusión sobre a situación do traballo social sanitario

09

GRUPO EN EXERCICIO LIBRE

- Visibilizar o exercicio libre
- Difusión de información sobre o peritaxe social



Comisiones previstas para 2024

10

COMISIÓN DE INFANCIA E FAMILIA

- Promover o incremento do persoal das equipas técnicas de menores, adecuación dos requisitos específicos dos postos de traballo á dereitos laborais e económicos.



11

COMISIÓN SOBRE OS REQUIRIMIENTOS DE INFORMES SOCIAIS POR PARTES DOS XULGADOS

Nova comisión que analizará os informes requeridos por parte de xulgados, buscando unha unificación de criterios.



INVESTIGACIÓN

Durante a última década o Consejo General del Trabajo Social promoveu **catro informes sobre a profesión do Traballo Social en España**. Estes informes poden dar algunas orientacións sobre o estado do Traballo Social en Galicia, pero non permiten afondar nas realidades sociales que nos son propias.

O COTSG ten interese en aumentar o coñecemento científico sobre a realidade do Traballo Social galego, afondando no coñecemento e información dispoñible sobre a estrutura e condicións nas que se desenvolve na nosa comunidade autónoma.

Consideramos necesario coñecer as experiencias, opinións e necesidade dos e das profesionais, ter unha visión clara sobre as experiencias, opinións e necesidades que ten o colectivo.

Para isto, neste 2025 desenvolvease a investigación ***"Informe sobre os servizos sociais e a profesión do Traballo Social en Galicia. Enquisa representativa das persoas colexiadas en Galicia"***. Este traballo impulsado polo Colexio Oficial de Traballo de Galicia, desenvolveuse dende o co-deseño entre tres entidades: o propio **Colexio, a Universidade de Vigo e a cooperativa de investigación Indaga**. Cada unha destas tres pezas ten un papel complementario en todo o proceso de investigación, que dará como resultado un informe que nos permitira ter unha imaxe de como é a profesión e os profesionais do Traballo Social en Galicia.

O proxecto comezou a finais de decembro de 2023 e rematará no verán do 2025.

Os obxectivos da investigación son:



Identificar as temáticas clave abordadas en anteriores estudios e seleccionar aquellas preguntas e ámbitos clave que poidan contribuír á comparación dos resultados obtidos coa realidade de Galicia e a análise das súas especificidades.



Facer un mapa das estruturas nas que se organiza do Traballo Social no territorio galego. Dimensionar o número de persoas en función dos niveis de atención, os sectores, tipo de hábitat e os ámbitos de traballo



Indagar sobre cuestións relacionadas co ámbito laboral (salarios, contratos, xornadas...) que permitan coñecer o perfil profesional das persoas colexiadas.



Recoller as opinións, expectativas e necesidades das persoas colexiadas respecto da profesión do traballo social.

Gabinete de prensa

De cara a 2025, o COTSG continuará a liña de traballo de relacións cos medios de 2024, cando se acadaron máis de 100 impactos en medios estatais e galegos. Entre os temas habituais dirixidos á prensa inclúese a liña de traballo de defensa da profesión, así como as declaracións institucionais do colexio.




Na **WEB** actualízanse as novas semanalmente, con contido de interese para a profesión. En 2025 continuaránse actualizando outros contidos da web, para manter unha presencia dixital constantemente actualizada.




Cada mes compártense dous artigos no blog do colexio, nos que se abordan distintos temas e entrevistas coa colexiación.

A newsletter semanal do COTSG, o fío, é a forma más directa de comunicación do colexio coa colexiación. Semanalmente envíase este correo co resumo das últimas novas. Como reforzo puntual, en determinadas campañas envíanse newsletter específicas cun tema concreto.



O COTSG conta con perfil nas seguintes redes sociais: **Instagram, Facebook, X, Linkedin e YouTube**. En xeral, o contido compártese en todas as redes sociais, aínda que en Linkedin acostúmase a priorizar contido de índole laboral e en YouTube, polas características da plataforma, vídeos. A continuación, detállase o tipo de contidos que se comparte en cada plataforma:

- **Información xeral:** Contidos en redes sociais para informar sobre actividades habituais do colexio. Nesta liña inclúense: avisos, formacións, resumo, cambios de horario, imaxes das actividades, trámites, promoción doutros recursos do colexio... Os contidos acompañan sempre dunha creatividade ou unha fotografía. Compártense en todas as redes sociais, agás YouTube.
- **Defensa da profesión:** Contidos en redes sociais para informar das actividades de Defensa da Profesión do colexio. Compártense en todas as redes sociais, agás YouTube.
- **Campañas recorrentes:** Ademais, o colexio pon en marcha unha serie de campañas recorrentes nas súas redes sociais:
 - A campaña, **#PorserdoCOTSG**, busca dar a coñecer as facilidades do COTSG para as persoas colexiadas.
 - A campaña, **O Traballo Social en Acción**, busca dar a coñecer distintos campos de actuación do traballo social
 - A campaña, **#MementoAutocoidado**, busca difundir en redes das actividades de autocoidado na web.
- **Días Mundiais:** seguindo o calendario da UNESCO, compártense os distintos días mundiais relevantes para a profesión.
- **O COTSG nos medios:** Baixo o epígrafe de **#OCOTSGnosMedios** compártense as aparicións en prensa do colexio.
- **Difusión doutros contidos:** Neste epígrafe inclúense outros contidos aos que se lles dá difusión puntualmente. Poden ser por exemplo a difusión do documental do COTSG.



O BLOG DO COTSG



Paula Frieiro, a investigación científica en Traballo Social



O Traballo Social nos Equipos de Orientación Específica



 ATA O 3 DE NOVEMBRO

Traballo Social en Essencia!



COMPARTE AS TÚAS IDEAS NA CONVOCATORIA DE TELEFORMACIÓN



DÍA INTERNACIONAL DO MIGRANTE



18 de decembro
Polos dereitos, a dignidade e o benestar de todas as persoas migrantes.

O COTSG NOS MEDIOS



ANA VILAR

Ana Vilar, Vicepresidenta do COTSG, na Cadena Ser sobre o I INFORME DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



SERVIZOS SOCIAIS DE VIGO COLAPSADOS



CONCENTRACIÓN NA DEFENSA DOS DEREITOS SOCIAIS

20 DE NOVEMBRO DE 2024 AS 18H



5

PROXECTOS

ACREDITACIÓN PROFESIONAL DA FORMACIÓN CONTÍNUA A EXPERIENCIA PROFESIONAL

O COTSG será o pioneiro do proxecto piloto do Consejo General del Trabajo Social para **O MODELO DE ACREDITACIÓN DE DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO (DPC)**.

A acreditación DPC é un certificado emitido polo CGTS convxuntamente cos Colexios Profesionais Oficiais, que acredita o **DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO** dunha persoa validando e certificando a competencia profesional, sendo válida en todo o territorio estatal.

Beneficios:

- Prestixio profesional: sello de garantía do CGTS.
- Veracidade do curriculum vitae.
- Apoio nos procesos de recoñecemento de cualificacións a nivel internacional.
- Visibilidade profesional.
- Registro de profesionais acreditados.
- Beneficios no acceso a formación das Universidades.
- Descontos en formación.
- Acreditación do desarrollo profesional.

PODCAST

Dende o **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** querece apostar por realizar varios vídeo-podcast anuais na cal se aborden diferentes temáticas contando ca estructura colexial

Temáticas principales a tratar:

- Incidencia política dende co COTSG
- Traballo Social Ecosocial
- Traballo Social no ámbito educativo
- Servizos Sociais Comunitarios
- Exercicio Libre
- SAF
- Traballo Social no ámbito sanitario
- Traballo Social e feminismos



PROXECTO EDUCATIVO

As accións previstas para período xaneiro-xuño de 2025 son:

Actividade 1. A diferencia e o respecto.

Tratase dun obradoiro, de unha hora de duración, no que se traballa a diversidade nas aulas, os dereitos humanos e a prevención do acoso e a marxinación social no medio educativo. Utilizase material de apoio audiovisual, exposición participativa e traballo en grupos pequenos.

Están previstas intervención en 5 centros educativos: Catro CEIPS e un IES.

Actividade 2. Os servizos sociais e o sistema educativo.

Consiste nun obradoiro de no que desenvolven os recursos sociais relacionados co ámbito educativo, e as eivas na coordinación dos sistemas social, sanitario e xudicial co sistema educativo. Remarcase a necesidade de establecer intervencións coordinadas e centradas nas persoas.

Esta prevista a realización dunha intervención coa Federación de ANPAS de Compostela.



MODERNIZACIÓN DO ARQUIVO DO COTSG

O **Colexio de Traballo Social de Galicia** neste 2025, segue a traballar na modernización e actualización dos seus recursos.

Un obxectivo para este ano é dixitalizar o arquivo, e ter todo dixitalizado, o que permitirá un maior eficiencia no acceso a información, unha maior seguridade e un aforro de espazo físico.

Coa contratación da empresa Unayta para a dixitalización e expurgo da documentación, ademáis dispoñemos dun novo servidor NAS para unha mellora no almacenamento dixital. O que será unha tarefa laboriosa pero que a curto-medio prazo garantizará a modernización da oficina e a mellora na eficacia de acceso a información así como a garantía de seguridade dos datos.

Así mesmo estase a traballar nun sistema de tickets a través da páxina web para mellorar a comunicación coas persoas colexiadas.

O compromiso deste Colexio coa modernización é unha das principais liñas de traballo para este ano.



SELLO DE CALIDADE DO CONSEJO

O **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia** ven participando na iniciativa do Consejo General del Trabajo Social, na creación dun selo de calidade, para asegurar e distinguir a calidade dos distintos Colexios profesionais do Estado.

Neste proxecto tentase que dende o Consejo se poida avaliar que os Colexios profesionais cumplen cuns mínimos de calidade, e sobre todo asegurar o cumprimento da lei.

Para esto existen uns mínimos de calidade e outros ítems que melloren os mínimos exisibles. Algunas das ítems que se valoran son:

- Parámetros de transparencia
- Servizos que se ofrecen a colexiación
- Comisión Deontolóxica
- Outras Comisións
- Colaboracións
- Servizos a cidadanía
- Accesibilidade



Guía para un ejercicio de
TRANSPARENCIA
para los
Colegios Oficiales
de Trabajo Social

PROPOSTAS PARA DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA VIOLENCIA DE XÉNERO

Tras a finalización do convenio da Quenda de Garda de traballo Social de Violencia de Xénero no 2023, O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, na súa labor activa na loita contra a violencia de xénero, realiza propostas a nova Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

Entre as propostas que se achegan, está un estudo sobre a presencia do Traballo Social nos CIM, e continuado dunha proposta para o cambio do Decreto de 182/2004, de 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información á muller e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, , na que se asegure a presencia de profesionais de Traballo Social en todos os centros. Nesta proposta realizouse incluso un estudo económico, do que custaría dotar a todos os centros de profesionais de Traballo Social.

Ademáis dende o Colexio ofreceuse a actualizar a guía REDES de recursos fronte a Violencia de Xénero.

Tamén o COTSG participa no Observatorio Galego da Violencia de Xénero.





MATIASS

Dende decembro do 2021, data na que se puxo en marcha o novo portal rexistráronse numerosas demandas de acceso, así como de información sobre os requisitos e procedemento para poder acceder ao mesmo. Por outra banda, non se rexistrou unha demanda explícita ou suxestións con respecto ao funcionamento do novo portal, antes ao contrario, houbo usuarias/os que manifestaron o seu recoñecemento expreso e parabens polos cambios implementados. Con todo o COTSG, ten como un dos seus obxectivos estratéxicos a mellora contínua no marco do compromiso da encomenda de xestión que mantén coa Consellería de Política Social e Xuventude.

En desenvolvemento deste obxectivo estratéxico, unha das liñas de actuación propostas é favorecer os procesos participativos para a posible mellora técnica do Manual de Traballo, Información e Asesoramento en Servizos Sociais (MATIASS). Encaixando coa devandita liña de actuación desenvólvense o presente plan de actuación que persegue acadar no 2025 os seguintes

Obxectivos:

- Recoller de maneira expresa a potencial demanda implícita con respecto ao funcionamento ou dificultades que se poidan estar experimentando.
- Sintetizar e elaborar un documento de propostas achegadas.
- Analizar a viabilidade dos posibles cambios.
- Consensuar coa Consellería de Política Social e Xuventude un posible proxecto de actuacións a implementar no MATIASS.

Actividades e metodoloxía:

1

- Realizarase, a través dunha enquisa publicada no MATIASS na primeira quincena do mes de febreiro de 2025 unha avaliación xeral de satisfacción co portal con preguntas finais abertas para posibilitar achegar opinións ou propostas.

2

- Levaranse a cabo unha serie de encontros técnicos en grupos dun máximo de 20 participantes cada un.:
 - Co obxecto de favorecer a participación desenvolveranse en modalidade virtual a través de Zoom, en horario laboral.
 - Abrirase un prazo (por definir) para que as persoas interesadas en facer achegas realicen a inscrición nos encontros. (Dado que o prazo para a avaliación do Plan Concertado remata o 31 de marzo non se considerou axeitado organizalos ata despois desa dada para favorecer a participación das profesionais dos SS.SS comunitarios)
 - A difusión dos encontros realizarase a través da publicación no MATIASS.
 - En función do número de persoas inscritas organizaranse entre 1 e 3 encontros técnicos para recoller as achegas.



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

Proxeectando o **Traballo Social do futuro** dende a
realidade do **presente**.

GRAZAS!

